

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 4

SESION EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 22 DE MARZO DE 2019

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Escudero, Cayetano
Rodríguez Rodríguez, Nuria
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Gago Bugarín, Diego José
González Sánchez, Elena
Muñoz Fonteriz, Elena
Piñeiro López, Ángel

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois
López Barreiro, Margarida
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

Figuroa Vila, José M. (concelleiro do grupo municipal do Partido Popular)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día vinte e dous de marzo do ano dous mil dezanove, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros

Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Piñeiro López, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

1(32).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

Os vinte e seis membros presentes da Corporación acordan por asentimento a ratificación da urxencia.

2(33).- CONCESIÓN MEDALLA DA CIDADE. EXPTE. 17062/101 (REXISTRO PLENO 1991/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 21 de marzo de 2019, a xefa de Fomento do Emprego, encomenda provisional de función do posto de Dirección e Apoio Institucional á

Alcaldía, e conformado polo Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal para o presente ano 2019 e co gallo da Festa da Reconquista da Cidade, o seguinte informe proposta:

“Mediante instrución de servizo de data de sinatura electrónica, o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ordea á técnica que subscribe, a realización dos trámites administrativos necesarios e emisión dos preceptivos informes para elevar proposta de resolución ao Pleno da Excma. Corporación Municipal en relación coa proposta de concesión da Medalla da Cidade ao Consorcio da Zona Franca de Vigo, en virtude do previsto no Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado o 29 de setembro de 1981.

I. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Constitución Española de 1978
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro
- Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado o 30 de maio de 2016
- Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado por acordo plenario de data 29 de setembro de 1981

II. ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Con data 29 de setembro de 1981 o Pleno da Corporación adoptou o acordo de aprobar o Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- No seu artigo 5, o dito Regulamento determina as clases de recompensas ou distincións que a Corporación poderá outorgar, a saber: denominación no rueiro; título honorífico (Medalla da Cidade) e “calquera outra distinción que acorde a Corporación”.

TERCEIRO.- No seu artigo 7, o dito Regulamento establece como distinción a Medalla da Cidade e o seu artigo 3 establece que se poderá propoñer aos candidatos/as por mor de moción da Alcaldía, dos grupos políticos, por petición popular ou por petición dun número de Concelleiros e Concelleiras igual á maioría absoluta.

CUARTO.- Pola súa parte, o Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado definitivamente o 30.05.2016, establece no seu artigo 28.4 que a Xunta de Voceiros será consultada para a “concesión de distincións que correspondan ao Pleno”.

QUINTO.- Con data 21.03.2019 celebrouse Xunta de Voceiros co obxecto de evacuar o trámite de consulta previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, comunicándose a proposta de conceder a Medalla da Cidade 2019 ao Consorcio da Zona Franca de Vigo.

III. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

A) MARCO LEGAL

PRIMEIRO.- A Constitución Española de 1978 establece no seu artigo 137 a organización do Estado en municipios, provincias e as comunidades autónomas que se constitúan y determina que todas estas entidades gozarán de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses. No seu artigo 140 conságrase o principio de autonomía dos municipios, establecéndose que o seu goberno e administración corresponde aos respectivos concellos.

SEGUNDO.- Neste marco legal, no ano 1985 apróbase a Lei Reguladora das bases do réxime local que establece como potestades dos entes locais a regulamentaria e a de autoorganización.

TERCEIRO.- O Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro establece no seu artigo 189 que as corporacións locais poderán acordar a creación de medallas, emblemas, condecoracións e outros distintivos honoríficos, a fin de premiar especiais merecementos, beneficios sinalados ou servizos extraordinarios.

CUARTO.- Pola súa parte, o artigo 190 da citada disposición sinala que os Concellos, Diputacións Provinciais, Cabildos e Consellos Insulares poderán acordar nomeamentos de fillos predilectos e adoptivos e de membros honorarios da Corporación, atendidos os méritos, cualidades e circunstancias singulares que nos galardoados concorran e que serán aplicados co maior rigor no expediente que se instruíra ao efecto.

QUINTO.- O artigo 50.24 do dito regulamento determina que será atribución do Pleno da Corporación a concesión de medallas, emblemas, condecoracións e outros distintivos honoríficos e conferir títulos de fillos predilectos ou adoptivos ou de membros honorarios da Corporación.

SEXTO.- O artigo 191 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais establece que “os requisitos e trámites necesarios para a concesión dos honores e distincións a que se refiren os dous artigos precedentes (189 e 190), determinarase en Regulamento especial”.

SÉTIMO.- Con data 29 de setembro de 1981 o Pleno da Corporación adoptou o acordo de aprobar o Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo. No seu artigo 5, o dito Regulamento determina as clases de recompensas ou distincións que a Corporación poderá outorgar, a saber: denominación no rueiro; título honorífico (Medalla de Vigo) e “calquera outra distinción que acorde a Corporación”.

OCTAVO.- Con data 30.05.2016 o Pleno da Corporación aprobou definitivamente o Regulamento Orgánico do Pleno, que no seu artigo 28.4 establece como trámite preceptivo e non vinculante a consulta previa á Xunta de Voceiros para a concesión de distincións que correspondan ao Pleno.

NOVENO.- Con data 21.03.2019 celebrouse unha Xunta de Voceiros extraordinaria co obxecto de tratar como único punto na orde do día a concesión das distincións de Vigueses Distinguidos e da Medalla da Cidade, dando cumprimento así ao preceptuado no dito artigo 28.4 do Regulamento de Organización do Pleno da Corporación.

B) MOTIVACIÓN DA MEDALLA DA CIDADE AO CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO

Na instrución de servizo de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente figura motivación suficiente dos méritos e cualidades que concorren no Consorcio da Zona Franca de Vigo, que se propón como entidade destinataria da Medalla da Cidade 2019, no xeito que deseguido se indica:

“A proposta reconece o papel do Consorcio da Zona Franca de Vigo pola súa participación activa no desenvolvemento económico da cidade, así como pola intensa implicación no proxecto de transformación de Vigo que se está a executar dende o Concello de Vigo.

Unha institución pública con enorme arraigo na cidade de Vigo que está a colaborar intensamente co Concello de Vigo no desenvolvemento de proxectos estratéxicos para a cidade.

O Consorcio da Zona Franca é unha institución moderna e dinámica, cunha clara vocación de aportar valor engadido e volcada nos últimos meses na cidade de Vigo e nos proxectos transformadores que se están a levar a cabo dende o Concello de Vigo.

Este organismo público está cooperando co Concello de Vigo dun xeito decidido para levar adiante proxectos e iniciativas que contribúen á mellora da calidade de vida dos vigueses e viguesas, coadxuvando na gran transformación que está a converter Vigo na cidade da economía, da industria, da innovación. Unha cidade amable, acolledora, moderna e orgullosa de si mesma, coa importante contribución do Consorcio da Zona Franca de Vigo”.

C) INCIDENCIA ECONÓMICA

O presente expediente carece de proposta de gasto e de contido económico, xa que as distincións ás que se refire a presente proposta son exclusivamente honoríficas e non comportan dereito económico nin administrativo algún para o galardoado/a, razón pola que non se somete ao trámite de fiscalización previa a proposta de acordo.

IV. COMPETENCIA.

A competencia para resolver corresponde ao Pleno da Corporación Municipal, segundo o previsto nos artigos 50.24, 189 e 190 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e o Regulamento de Honores e Distincións do Concello de Vigo, a proposta da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, segundo Decretos de 19/06/2015 , 30/12/2016 e 09.07.2018 e acordos XGL de 19/06/2015, 30/12/2016 e 10.07.2018.

V.- PROPOSTA DE ACORDO:

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia, contidas no artigo 124.4. b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, elévase ao órgano competente a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO. “Aprobar a concesión da Medalla da Cidade 2019 ao Consorcio da Zona Franca de Vigo, consonte ao previsto nos artigos 50.24, 189, 190 e concordantes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o artigo 5.3 do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, de data 29 de setembro de 1981, en atención aos especiais e importantes méritos que concorren na entidade proposta e que se conteñen na parte expositiva deste informe-proposta.

SEGUNDO. “Publicar o presente acordo na sede electrónica do Concello de Vigo, nos termos establecidos nos artigos 5.1 e 6.1. da Lei 19/2013, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno”.

(Os membros do grupo municipal do Partido Popular, abandonaron o Salón de Plenos antes da votación).

VOTACIÓN.- Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia e tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO: Aprobar a proposta cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

3(34).- NOMEAMENTO DE VIGUESES DISTINGUIDOS. EXPTE. 17061/101. (REXISTRO PLENO 1992/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 22 de marzo de 2019, a xefa de Fomento do Emprego, encomenda provisional de función do posto de Dirección e Apoio Institucional á Alcaldía, e conformado polo Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal para o presente ano 2019 e co gallo da Festa da Reconquista da Cidade, o seguinte informe proposta:

“Mediante instrución de servizo de data de sinatura electrónica, o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ordea á técnica que subscribe, a realización dos tramites administrativos necesarios e emisión dos preceptivos informes para elevar proposta de resolución ao Pleno da Excma. Corporación Municipal, en relación coa proposta de concesión dos galardóns de “Viguesas e Vigueses Distinguidos 2019”, en virtude do previsto no Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado o 29 de setembro de 1981.

I. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Constitución Española de 1978
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro
- Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado o 30 de maio de 2016
- Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado por acordo plenario de data 29 de setembro de 1981

II. ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Con data 29 de setembro de 1981 o Pleno da Corporación adoptou o acordo de aprobar o Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- No seu artigo 5, o dito Regulamento determina as clases de recompensas ou distincións que a Corporación poderá outorgar, a saber: denominación no rueiro; título honorífico (Medalla da Cidade) e “calquera outra distinción que acorde a Corporación”.

TERCEIRO.- En aplicación do artigo 5.3. do Regulamento de Honras e Distincións, aprobado por acordo plenario de 29 de setembro de 1981, a Comisión de goberno do 14 de marzo de 1988 (actualmente Xunta de Goberno Local), aprobou a institucionalización do nomeamento de “Vigués Distinguido” para galardoar “á persoa ou grupo de persoas que se distinguiron e sobresaíron ao longo das súas vidas polas virtudes urbanas ou polo seu quefacer profesional; viguéses famosos, populares e mesmo, nalgúns casos, persoas que, polo seu labor calado ou polo seu auto-rexeitado protagonismo, non son coñecidas pola maioría.

CUARTO.- Pola súa parte, o Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado definitivamente o 30.05.2016, establece no seu artigo 28.4 que a Xunta de Voceiros será consultada para a “concesión de distincións que correspondan ao Pleno”.

QUINTO.- Con data 20.03.2019 celebrouse Xunta de Voceiros co obxecto de evacuar o trámite de consulta aos grupos políticos con representación no Pleno, previsto no Regulamento Orgánico do, realizándose a proposta que se contén no expediente de referencia.

III. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

a) MARCO LEGAL

PRIMEIRO.- A Constitución Española de 1978 establece no seu artigo 137 a organización do Estado en municipios, provincias e as comunidades autónomas que se constitúan y determina que todas estas entidades gozarán de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses. No seu artigo 140 conságrase o principio de autonomía dos municipios, establecéndose que o seu goberno e administración corresponde aos respectivos concellos.

SEGUNDO.- Neste marco legal, no ano 1985 apróbase a Lei Reguladora das bases do réxime local que establece como potestades dos entes locais a regulamentaria e a de autoorganización.

TERCEIRO.- O Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro establece no seu artigo 189 que as corporacións locais poderán acordar a creación de medallas, emblemas, condecoracións e outros distintivos honoríficos, a fin de premiar especiais merecementos, beneficios sinalados ou servizos extraordinarios.

CUARTO.- Pola súa parte, o artigo 190 da citada disposición sinala que os Concellos, Diputacións Provinciais, Cabildos e Consellos Insulares poderán acordar nomeamentos de fillos predilectos e adoptivos e de membros honorarios da Corporación, atendidos os méritos, cualidades e circunstancias singulares que nos galardoados concorran e que serán aplicados co maior rigor no expediente que se instruirá ao efecto.

QUINTO.- O artigo 50.24 do dito regulamento determina que será atribución do Pleno da Corporación a concesión de medallas, emblemas, condecoracións e outros distintivos honoríficos e conferir títulos de fillos predilectos ou adoptivos ou de membros honorarios da Corporación.

SEXTO: O artigo 191 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais establece que “os requisitos e trámites necesarios para a concesión dos honores e distincións a que se refiren os dous artigos precedentes (189 e 190), determinarase en Regulamento especial”.

SÉTIMO.- Con data 29 de setembro de 1981 o Pleno da Corporación adoptou o acordo de aprobar o Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo. No seu artigo 5, o dito Regulamento determina as clases de recompensas ou distincións que a Corporación poderá outorgar, a saber: denominación no ruego; título honorífico (Medalla de Vigo) e “calquera outra distinción que acorde a Corporación”.

OCTAVO.- Con data 30.05.2016 o Pleno da Corporación aprobou definitivamente o Regulamento Orgánico do Pleno, que no seu artigo 28.4 establece como trámite preceptivo e non vinculante a consulta previa á Xunta de Voceiros para a concesión de distincións que correspondan ao Pleno.

NOVENO.- Con data 20.03.2019 celebrouse unha Xunta de Voceiros extraordinaria co obxecto de tratar como único punto na orde do día a concesión das distincións de Vigesas e Vigeses Distinguidos e da Medalla da Cidade, dando cumprimento así ao preceptuado no dito artigo 28.4 do Regulamento de Organización do Pleno da Corporación.

b) MOTIVACIÓN PARA OUTORGAR A DISTINCIÓN

Na instrución de servizo de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente figura motivación suficiente dos méritos e cualidades que, a xuízo dos propoñentes, concorren nos candidatos e candidatas ao galardón, no xeito que deseguido se indica:

1. EIDO EDUCATIVO: Polos anos de permanencia na cidade ou polas súas circunstancias singulares.

CEIP VIRXE DO ROCÍO, POLOS 75 ANOS .

Un centro multicultural, integrador e aberto que traballa na formación integral do alumnado, ubicado na rúa do Rocío, en Coia.

Loitan pola igualdade, especialmente de xénero, tentan fomentar no alumnado espírito crítico animándoo a valorar o que se fai ben e a buscar alternativas para o que se fai mal.

CEIP O POMBAL, POLOS 70 ANOS .

O colexio atópase na parroquia de Lavadores. A zona que en principio era unha zona rural pasou a converterse nun barrio obreiro da cidade, co seu centro vital no Calvario.

O edificio escolar conta con amplos e luminosos espazos, ximnasio, pista polideportiva, biblioteca, comedor, pequena horta...

O profesorado está moi implicado á hora de crear un clima agradable para o alumnado que favoreza o desenvolvemento da súa personalidade sen abandonar as normas que deben existir na comunidade educativa: integradora, participativa e aberta, formadora en valores e solidaria.

A relación coas familias é fluída facilitando o proceso de aprendizaxe e a relación de todo o alumnado.

COLEXIO ANDERSEN, POLOS 50 ANOS .

O colexio Andersen foi fundado en 1969 cando un grupo de profesores decidiu construír un proxecto educativo baseado nos valores universais dos dereitos humanos, desenvolvendo as capacidades individuais do alumnado.

O proxecto educativo ten o obxectivo de axudar a formar persoas capaces de ser autónomas e responsables nun contorno académico e social, tomando conciencia do valor que o seu propio esforzo e as súas decisións teñen para contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao progreso da sociedade democrática, solidaria e libre da que forman parte.

CEIP CARBALLAL- CABRAL, POLOS 50 ANOS .

O colexio está situado nunha zona privilexiada, nun contorno natural rodeado de bosques e campos que permite fomentar o gusto pola natureza e a vez desfrutar da tranquilidade e harmonía lonxe do mundanal ruído.

O profesorado persegue a constitución académica , moral, ética e física do alumnado a través de diversos espazos e estratexias propicias para o estímulo de ditos aprendizaxes.

O persoal docente esa comprometido coas súas labores, co propio crecemento e coa actualización do saber que manexan.

CEIP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES, POLOS 50 ANOS .

O colexio foi creado como Centro Rural Agrupado recollendo as unitarias que había dispersas pola parroquia.

Durante varios anos a matrícula foi moi alta xa que acollía ao alumnado de toda a parroquia de Valadares chegando a ter máis de 1.100 alumnos e 5-6 liñas de transporte.

Dende a súa creación o colexio sufriu varias reformas creándose espazos novos, o Salón de actos, a Biblioteca, o patio cuberto, para dar saída as necesidades educativas.

Este centro educativo aposta por unha ensinanza académica de calidade que axude ao crecemento do alumnado a partir da pluralidade, a tolerancia e a asistencia especializada. E os seus alumnos teñen varias materias en inglés.

CEIP MOSTEIRO-BEMBRIVE, POLOS 50 ANOS .

Situado na parroquia de Bembrive a actividade do centro pretende o pleno desenvolvemento da personalidade humana, o respecto aos dereitos e liberdades individuais, a coeducación, a defensa e conservación do medio ambiente e as peculiaridades socioculturais galegas.

Este centro fomenta o diálogo e a cooperación entre o entorno familiar e o académico pois son os dous os ámbitos de maior aprendizaxe na vida temperán e veranse necesariamente reflectidos o un no outro.

CEIP PÁRROCO DON CAMILO, POLOS 50 ANOS.

A súa andadura comezou ante á inexistencia dun gran centro de ensinanza que dera cabida á demanda de alumnado.

O seu nome débese a figura de D. Camilo, sacerdote da Parroquia de San Andrés de Comesaña, home moi querido na contorna pola súa humildade, espontaneidade e humanidade.

O centro foi adaptándose aos cambios e na actualidade a escola é moderna e plurilingüe que traballa pola formación integral dos alumnos, a igualdade de oportunidades, a cooperación, a non discriminación e nos principios dun ensino público de calidade.

Unha labor sempre implicada e comprometida fomentando a cooperación e diálogo coas familias, atendendo as diferenzas do estudantado e creando un clima propicio de aprendizaxe.

COLEXIO AMOR DE DIOS, POLOS 50 ANOS .

O Colexio Amor de Dios é un centro mixto, concertado e plurilingüe.

Busca estimular o desenvolvemento integral e harmónico do seu alumnado para a súa incorporación a un mundo que pretende ser mais solidario e mais humano.

Fomenta a educación e o progreso dentro do respecto á persoa humana e a súa integridade e implican á comunidade educativa na realización e sostemento do seu proxecto solidario.

Tamén fomentan o desexo de aprender, a ansia de coñecer e o sentido ético

COLEXIO MONTERREY.

Situado no corazón da Travesía de Vigo o colexio Monterrey leva máis de 40 anos traballando na tarefa educativa de maneira inclusiva e integradora, comprometidos en ofrecer unha formación acorde á demanda dunha sociedade cambiante.

Desde o centro se cultivan os valores de liberdade e responsabilidade, convivencia democrática, respecto, superación, curiosidade, autonomía e honestidade cun mesmo e cos demais co fin de acadar unha educación con afectividade e efectividade.

CEIP COUTADA BEADE. 74 ANOS

O Ceip Coutada-Beadé é un centro aberto á participación das familias e institucións locais. Propóñense impartir unha educación de calidade que non se quede só na instrución, senón que tenta transmitir valores como a coeducación, a responsabilidade, a auto estima e a convivencia.

O profesorado, a través da titoría e da orientación, presta unha atención individualizada que permite a cada nena ou neno desenvolver ao máximo as súas posibilidades. Para esta tarefa, conta coa corresponsabilidade das familias, coas que realiza un traballo compartido.

CEIP VICENTE RISCO 65 ANOS

O Ceip Vicente Risco está situado no barrio das Flores en Teis. O edificio foi deseñado polo arquitecto Antonio de Cominges.

O centro ten como obxectivo complementar, ampliar adaptar e integrar os diferentes ámbitos curriculares co fin de atender a todos os aspectos que integran a educación do seu alumnado.

A convivencia na escola tamén é importante polo que aportan información e consellos de utilidade para dinamizar a convivencia da comunidade educativa no centro.

CEIP SANTA TEGRA. POLOS 53 ANOS

Situado na rúa Maceiras, profesorado do centro está moi implicado á hora de crear un clima agradable para o alumnado que favoreza o desenvolvemento da súa personalidade sen abandonar as normas que deben existir na comunidade educativa: integradora, participativa e aberta, formadora en valores e solidaria.

A relación coas familias é fluída facilitando o proceso de aprendizaxe e a relación de todo o alumnado.

CEIP JOSEFA ALONSO. POLOS 52 ANOS

Situado na parroquia de Matamá a actividade do centro pretende o pleno desenvolvemento da personalidade humana, o respecto aos dereitos e liberdades individuais, a coeducación, a defensa e conservación do medio ambiente e as peculiaridades socioculturais galegas.

Este centro fomenta o diálogo e a cooperación entre o entorno familiar e o académico pois son os dous os ámbitos de maior aprendizaxe na vida temperán e veranse necesariamente reflectidos o un no outro.

COLEXIO ILLAS CÍES. POLOS 52 ANOS

Apostan por unha ensinanza académica de calidade cun persoal docente comprometido coas súas labores, co propio crecemento e a actualización do saber que manexan.

Fomentan o diálogo e a cooperación entre o entorno familiar e o académico facendo da superación, o compromiso e o esforzo as directrices vitais do estudantado

COLEXIO ALBA. POLOS 79 ANOS

O Colexio Alba atópase ubicado na rúa Esperanto aínda que as súas orixes se remontan no Colexio Mezquita na rúa García Barbón, trasladándose a súa actual ubicación no ano 1959.

O centro potencia unha formación personalizada que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores do alumnado en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

Favorecen unha estreita relación entre a familia e a escola para así conseguir os obxectivos educativos marcados.

COLEXIO ATLÁNTIDA. POLOS 83 ANOS

O Colexio Atlántida é un centro privado concertado que foi fundado no ano 1968 por Dona Francisca Camacho Góngora, funcionando como unha S.L., ata que no ano 1996, pola implantación da LOXSE, foi adquirido polos mestres que en ese momento traballaban pasando a réxime de Cooperativa, constituíndose así o novo centro que está hoxe a funcionar e no que se imparten ensinanzas desde Educación Infantil 3 anos ata 4º de ESO.

Tendo en conta as normas básicas de convivencia que ten que salvaguardar os valores e respectar as liberdades básicas, a ideoloxía do centro orientase en principios como pleno desenrolo da personalidade do alumnado, formación no respecto ós dereitos e liberdades fundamentais, e no exercicio á tolerancia da liberdade dentro dos principios democráticos, adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, colaborar positivamente creando unha educación coherente coas necesidades reais de cada alumno e coa unidade social na que se atopa inmerso...etc.

COLEXIO DIVINO SALVADOR. POLOS 52 ANOS

O colexio ten un carácter social e aberto, sen discriminación de ningún tipo e prestan especial atención á Educación en Valores e Disciplina. O seu obxectivo fundamental é formar persoas e conseguir o desenvolvemento pleno do alumnado, tanto na súa faceta escolar como persoal. Alcanzar un bo rendemento pedagóxico, así como fomentar a disciplina, responsabilidade, respecto a eles mesmos e aos demais son as tarefas primordiais del profesorado.

GRUPO EDUCATIVO PLURILINGÜE CASTRO SAN MIGUEL. POLOS 59 ANOS

A oferta educativa deste centro fundamentase en aspectos como unha ensinanza individualizada, desenvolvemento da autonomía persoal, educación en valores éticos e virtudes humanas, hábitos participativos de estudo e aprendizaxe.

Todo isto o conseguen cunha relación activa e participativa coa familia implicándoa no proceso educativo dos seus fillos.

COLEXIO "FILLAS DE MARÍA INMACULADA". POLOS 59 ANOS

O centro, situado na rúa Vázquez Varela, desenvolve o seu traballo desde hai máis de 50 anos na cidade impartindo diferentes niveis de formación profesional.

Co fin de aportar ao alumnado todas as ferramentas que lles axuden a converterse en persoas libres, emancipadas e xerando un sentimento de comunidade que as acompañe toda a vida.

COLEXIO LABOR. POLOS 87 ANOS

O Colexio Labor foi fundado por D. Sergio Saborido Cid, no ano 1932 na cidade de Vigo.

Con máis de 85 años de existencia, o centro constitúe una verdadeira institución.

A acción educativa tende ao coñecemento individualizado dos seu alumnado, ao respecto e a aceptalos tal como son para desenvolver ao máximo as súas capacidades.

Educación para a convivencia e os valores sociais, inculcando, sen exixencias no opinable, o actuar con liberdade nas tarefas encamiñadas ao ben común. A adquisición de hábitos de respecto ás liberdades de los demais, de convivencia, de cooperación e de solidariedade.

COLEXIO LOSADA. POLOS 54 ANOS

O Colexio Plurilingüe Losada iniciouse no Calvario no ano 1965 da man dos irmáns Eugenia y Ramiro Losada Bastos.

En 1998 trasladouse as novas instalacións da feligresía de Lavadores.

O ideario do centro fundamentase nos seguintes obxectivos xerais como axudar ao alumnado a un desenvolvemento harmónico das condicións físicas, morais e intelectuais, preparar á xuventude para participar, activa e responsablemente nunha sociedade democrática, capacitándoos para o diálogo, a solidariedade, a tolerancia e a frutífera colaboración na consecución do ben común.

COLEXIO HH. CARMELITAS-M^ª INMACULADA. POLOS 93 ANOS

Este centro educativo o que pretende é acompañar a cada alumno no proceso de maduración integral como persoa.

Trátase de establecer co alumnado unha relación que o oriente no seu proceso de aprendizaxe, o acompañe nas súas situacións persoais, o asesore nas dificultades e o axude a superalas, establecendo unha relación moi estreita e constante tanto cos rapaces como cos seus responsables, as familias.

COLEXIO MERCANTIL. POLOS 69 ANOS

A historia do Colexio Mercantil de Vigo remóntase ao ano 1950 no que Enrique Barreiro crea unha academia na súa casa matriz. No ano 1956 amplía as instalacións e crea o Colexio.

O funcionamento do Centro evolucionou de maneira considerable adaptándose á realidade social e cultural da época pero sempre permanecendo inalterables os principios de formación académica e humana que inspiraron a súa creación.

Traballan xuntos como unha comunidade buscando alcanzar distintas metas educativas, respectando os ritmos do alumnado e focalizándoos en ensinalles estratexias para o estudo e a vida (hábitos de estudo, traballo, convivencia, respecto, integración...).

Pretenden ser unha elección permanente para as familias que buscan unha educación global e actual, respectando os distintos ritmos de aprendizaxe e integrando a cada un dos seus alumnos e alumnas según as súas aspiracións e necesidades.

COLEXIO PADRE MÍGUEZ-CALASANCIAS. POLOS 59 ANOS

No Colexio Calasancias propoñen unha educación en valores humanizadores, dirixido á persoa en todas as súas dimensións: intelectual, afectiva, social, corporal e ético-relixiosa.

Un estilo educativo baseado no respecto, a vontade e o amor cara o alumnado.

COLEXIO SAN FERNANDO. POLOS 55 ANOS

No Colexio San Fernando potencian o crecemento persoal máis alá do puramente académico. Forman ao alumnado nos valores dunha sociedade sa e activa.

Céntranse na responsabilidade, no esforzo, comprensión, tolerancia e solidariedade.

COLEXIO SAN XOSÉ DA GUÍA. POLOS 85 ANOS

O centro está aberto a todos sen distinción de raza, crenzas relixiosas, ideas políticas, cunha especial atención aos que máis o necesitan.

Ofrece unha formación integral do alumnado en colaboración cos pais, e intentan dar resposta ás necesidades que se suscitan na súa comunidade educativa.

Un centro que pretende formar persoas que opta entre outros por principios como unha metodoloxía aberta, flexible e activa, formación intelectual do alumnado e unha educación que vai máis aló da aula e do horario escolar.

COLEXIO SAN BLAS VISTA ALEGRE. POLOS 56 ANOS

A historia do centro remóntase ao ano 1963 cando Marina Estévez Quintero funda na rúa Pizarro o Colexio San Blas. No ano 1971 a súa irmá Mercedes adquiriu a propiedade do colexio trasladándoo a avenida da Ponte, un enclave natural privilexiado rodeado de vexetación.

O centro educativo está formado por un profesorado que asume e comparte o mesmo ideal educativo e que traballa en función dunha serie de obxectivos comúns coa finalidade de proporcionar un desenvolvemento integral do alumnado en todas e cada unha das súas facetas: humana, intelectual, emocional, artística e física.

IES POLITÉCNICO, POLOS 50 ANOS .

Este edificio tivo como primeira denominación a de Escola Superior do Traballo. Dentro da súa estrutura atopábase a Escola Elemental do Traballo que é a orixe do que hoxe coñecemos como Instituto Politécnico.

No ano 1968 xa dispoñen dun centro independente no que se poden desenvolver as ensinanzas de formación profesional de forma autónoma.

O seu principal obxectivo é a formación da mocidade que opta polo coñecemento dos principios básicos que conforman unha profesión.

IES BEADE.

O IES de Beade é un centro de Ensino Secundario, ESO e Bacharelato, onde se fomentan os valores democráticos, a tolerancia, o respecto ás normas e o diálogo entre tódolos membros da comunidade educativa.

O IES de Beade aposta fortemente pola atención á diversidade do alumnado. Conta para iso co excelente traballo do departamento de orientación que entre outras medidas organiza apoio en grupos reducidos e atención individualizada,

agrupamentos específicos, programas de identificación e intervención de alumnado con dificultade de aprendizaxe ou de alumnado con altas capacidades.

O equipo docente facilita a relación dos pais coa comunidade educativa informando convenientemente do progreso do alumnado no centro

2. NO EIDO SOCIO-CULTURAL: Institucións culturais e asociativas singulares e con arraigo na cidade.

EX AEQUO

ASOCIACIÓN CULTURAL XARABAL. POLOS 35 ANOS TRABALLANDO POLO FOLCLORE

Esta asociación nace como unha actividade mais da Universidade Popular de Vigo, coa intención non só de potenciar e expandir a música popular galega, senón de realizar un traballo serio sobre a técnica da gaita e percusión procurando forxar futuros profesionais que coñezan e dominen o instrumento.

No ano 2001 a banda deslígase da Universidade Popular pasando a ser parte da Asociación Cultural Xarabal.

A banda pretende ser portadora dunha mensaxe de integración con todos aqueles que en distintas facetas se marquen como obxectivo común o de acadar maiores niveis de calidade e perfección no emprego dos instrumentos.

Os seus compoñentes teñen claro que a tradición non consiste soamente de vivir do pasado, senón de reconstruíla no presente para que permaneza no futuro

ASOCIACIÓN VECIÑAL EMILIO CRESPO DE NAVIA, POLOS 25 ANOS ADICADOS A VECIÑANZA

A asociación veciñal Emilio Crespo foi creada neste barrio de Vigo coa finalidade de atender a veciñanza nos problemas e inxerencias de todo tipo así como servir de canle de contacto coas Administracións Públicas ou outro tipo de entidades.

Desde a súa creación estiveron en continua evolución camiñando cara unha nova forma de entender a participación da cidadanía no desenvolvemento da cidade.

SOCIEDADE CULTURAL COMISIÓN DE FESTAS DA CONSOLACIÓN

As festas son a esencia das tradicións e a vez son un espazo propicio para o encontro.

Aprendemos desde a infancia, xunto ás nosas familias, a vivir as tradicións e esperar con emoción a chegada das nosas festas.

É notoria a ilusión, o traballo e o esmero que desempeña a veciñanza do barrio de Coia que, desinteresadamente, dan un paso ao fronte para formar parte da

Comisión de Festas co obxectivo de confeccionar unha programación tan variada de actividades e actos , que sen dúbida dan cor, sentido e alegría aos días de festa.

Por manter viva unha festa tradicional, un lugar de encontro e de reunión de toda a cidadanía propoñemos o nomeamento como Viguesa Distinguida á Sociedade Cultural Comisión de Festas da Consolación de Coia.

3. COLECTIVO DE TAXISTAS DA CIDADE: pola súa contribución a un servizo público de calidade e comprometido coa cidadanía.

Representados pola CENTRAL RADIO TAXI E SERVIZOS, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA

A central Radiotaxi e servizos, sociedade cooperativa galega, é unha cooperativa de servizos constituída no ano 1981. A súa finalidade é a de prestar servizos de taxi a particulares, empresas e administracións, a través do servizo de xestión de flotas conectado a cada un dos vehículos auto taxis dos seus socios.

Comprometidos coa cidadanía, cobren as necesidades do público con todo tipo de vehículos e adaptándose ás circunstancias persoais de cada usuario .

Nos últimos dous anos levan organizando unha andaina viguesa a favor da loita contra o cancro infantil así como unha campaña de traslado de anciáns a contemplar as luces do nadal vigués, actuacións gratuítas e desinteresadas.

Nesta mesma liña de actuación conseguiron a modificación da Ordenanza Municipal Reguladora do servizo de taxi polo que están obrigados a esperar e vixiar a entrada no portal aos clientes que o solicitan.

Con esta forma de traballo contribúen a que Vigo sexa unha urbe mais humana, con calidade de vida e cunha perfecta harmonía entre os seus diferentes colectivos.

4. ÓSCAR VILLAR DÍAZ

Oscar Villar é un vigués que se formou no Conservatorio de Música de Vigo e completou a súa formación en A Coruña, Ourense e Madrid. Tamén realizou cursos de post grado Dirección de Coro e Orquestra, Metodoloxía Coral e Técnica Vocal no Instituto Superior de Arte da Habana (Cuba).

Desde os 17 anos desenvolveu unha intensa actividade de dirección de agrupacións corais e na actualidade é director da Coral Casablanca do Círculo Mercantil e Industrial de Vigo.

5. EX-XEFES DE SERVIZO DOS CENTROS DE ATENCIÓN PRIMARIA DE VIGO

A atención primaria é unha parte central da acción sanitaria pública. A atención primaria en Vigo vense caracterizando tradicional e historicamente polo compromiso dos seus profesionais, polo traballo ben feito e, sobre todo, pola dedicación aos seus pacientes.

Nos últimos tempos a atención primaria viu como se pechaban algunhas das súas instalacións, como se paralizaban centros de saúde previstos nos anos 2007-2008 e vive recortes de persoal e deficiencia de medios, que obrigan a unha maior dedicación de tantos e tantas traballadores e traballadoras, que non escatiman esforzo e entrega.

Pero esta situación ten chegado a un punto límite nos últimos meses, de xeito que xefes de servizo teñen presentado a súa dimisión, para reclamar máis e mellores medios, máis recursos e máis persoal, de forma que poidan desenvolver o seu traballo con dignidade e poidan atender aos seus pacientes como se merecen.

Estes ex xefes de servizo simbolizan ao conxunto do sistema sanitario público da área de Vigo e aos seus profesionais, singularmente aos da atención primaria da nosa cidade: médicos/médicas, enfermeiros e enfermeiras, auxiliares e persoal non sanitario.

A cidade de Vigo lle outorga a estes profesionais o galardón de Viguesas e Vigueses Distinguidos pola súa defensa do sistema público de saúde e pola defensa do benestar dos seus pacientes. Representan o mellor da sanidade pública, non só porque realizan unha gran labor profesional, senón porque manteñen activo o seu compromiso social e de defensa dos cidadáns.

Grazas á súa loita e ao camiño exemplar iniciado por este grupo de profesionais a administración sanitaria galega viuse obrigada a abrir un proceso de diálogo e, por iso, Vigo quere recoñecer este movemento profesional imparabile na defensa dos intereses dos cidadáns de Vigo e a súa área sanitaria, para que a sanidade pública dispoña dos medios e recursos necesarios.

6. DIEGO DE GIRÁLDEZ

Pintor, hiperrealista, cunha vocación moi temprana polo debuxo e a pintura. Xa de neno devoraba libros de medicina, especialmente de anatomía. Traballa con pasteles, na busca do dominio desa técnica. A súa primeira exposición a realiza en Vigo no ano 1975, cun enorme éxito. Repite incansablemente exposicións en toda España, ata o punto de que ten percorrido case todos os rincóns da xeografía coas súas exposicións. Viaxa por Europa e chega a coñecer moi a fondo a Velázquez, Zurbarán, Goya.

A súa obra foi seleccionada para mostra colectiva denominada «Mestres do realismo español da vangarda».

Expón no estranxeiro, sorprendendo sempre pola súa peculiar actitude plástica, cun realismo impresionando nas súas representacións, pero tamén cunha fantasía evidente. De Suiza a Portugal, a súa obra segue gañando prestixio. A súa obra foi eloxiada por grandes críticos coma Santiago Amón. É único o seu peculiar modo de utilizar o pastel mezclado con ólea en barra.

Giráldez é un realista diferente. Os seus cadros relixiosos representan un mundo diferente, táctil, obsesionante.

c) INCIDENCIA ECONÓMICA

O presente expediente carece de proposta de gasto e de contido económico, xa que as distincións ás que se refire a presente proposta son exclusivamente honoríficas e non comportan dereito económico nin administrativo algún para os galardoados/as, razón pola que non se somete ao trámite de fiscalización previa a proposta de acordo.

d) COMPETENCIA.

A competencia para resolver corresponde ao Pleno da Corporación Municipal, segundo o previsto nos artigos 50.24, 189 e 190 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e o Regulamento de Honores e Distincións do Concello de Vigo, a proposta da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, segundo Decretos de 19/06/2015 e 30/12/2016 e acordos XGL de 19/06/2015 e 30/12/2016.

IV.- PROPOSTA DE ACORDO:

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia, contidas no artigo 124.4. b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, elévase ao órgano competente a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO. “Aprobar a concesión dos galardóns de “*Viguesas e Viguesas Distinguidos 2019*”, consonte ao previsto nos artigos 50.24, 189, 190 e concordantes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o artigo 5.3 do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, de data 29 de setembro de 1981, ás persoas e entidades que se conteñen na parte expositiva

do informe, en atención aos especiais e importantes méritos que concorren nos candidatas e candidatos propostos.

SEGUNDO.- “Notificar o presente acordo ás galardoadas e galardoados e publicar o mesmo na sede electrónica do Concello de Vigo, nos termos establecidos nos artigos 5.1 e 6.1. da Lei 19/2013, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno”.

(Os membros do grupo municipal do Partido Popular, abandonaron o Salón de Plenos antes da votación).

VOTACIÓN.- Por unanimidade dos vinte membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO: Aprobar a proposta cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e trinta e tres minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.

DILIXENCIA:

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión extraordinaria e urxente do Pleno do día 22 de marzo de 2019. Consta de 12 folios da serie A numerados do 2729303 ao 2729314, e números do 899 ao 910. Aprobouse na sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de xuño de 2019.

Vigo, a 12 de xuño de 2019
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda